

A titoría, un traballo compartido

M.ª del Carmen Caramés Gorgal
Pedagoxía Terapéutica

M.ª del Pilar Carnota Carneiro
Orientadora

IES Félix Muriel, Rianxo

Entendemos que a titoría debe inscribirse na actividade docente e no proceso de ensino-aprendizaxe, e que debe contribuír ao desenvolvemento de capacidades, procedementos e actitudes que permitan aos alumnos e alumnas adquirir unha formación plena no ámbito educativo e persoal. Esta é a idea da que partimos, e por iso propuxémonos encher de contido as horas de titoría na educación secundaria obligatoria con actividades adaptadas ao noso contorno social e educativo, e encamiñadas a ensinar a pensar, a convivir, a ser e a decidir.

En principio constatamos que, a pesar de contar cunha programación previa feita polo Departamento de Orientación e cun amplio banco de recursos, o aproveitamento da hora semanal dedicada a titoría resultaba insuficiente. Este espazo enchíase con actividades illadas, froito da iniciativa de cada profesor titor ou de materiais seleccionados pola orientadora.

Despois desta reflexión, no curso escolar 2003-2004 xorde a idea de facer algo que mellore a situación, e así nacen os seminarios. Con eles pretendemos elaborar material e, sobre todo, implicar o maior número de compañeiros e compañeiras na planificación das temáticas e actividades que se deben traballar, no seu desenvolvemento na clase de titoría e na súa aplicación na aula. Trátase, pois, de lle dar continuidade e coherencia á acción titorial ao longo da ESO.

Os seminarios permanentes achéganlle ao profesorado o recoñecemento de méritos, horas de formación e permiten, ademais, contar cunha dotación económica, o que constitúe un incentivo e unha ampliación de medios para a realización do proxecto.


Para acelerar o traballo e darlle maior cabida á participación créanse dous: un para a elaboración e deseño de actividades para as titorías de primeiro e de segundo de ESO, e outro para terceiro e cuarto. Reunímonos no centro, aproveitando os ocos dos nosos horarios nos que coincidimos, o que tamén facilita a participación.

No curso 2004-2005 continuamos investigando, ao tempo que iamos poñendo en práctica o elaborado no curso anterior, e así sucesivamente ata o curso 2006-2007, en que a case totalidade do alumnado e do profesorado emprega os materiais elaborados.

Os cadernos de titoría

Os contidos organízanse en función das metas que perseguimos, e quedan reflectidos en catro cadernos de titoría, un por curso. As catro grandes metas son:

- Lograr que o alumnado adquira habilidades e estratexias para alcanzar un certo grao de autoconsciencia e autocontrol en relación co proceso de



Os cadernos de titoría tratan de fomentar a aprendizaxe, as relacións interpersoais, a autoestima e unha selección académica e profesional axeitada

actividades que se realizan no centro (obradoiros, xornadas, ...). A orientadora actúa como nexo entre os seminarios, garantindo a continuidade no desenvolvemento das distintas temáticas e fomentando o traballo cooperativo.

Todo o profesorado é consciente de que o caderno é un recurso máis, unha guía. Non se trata de utilizarlo como libro de texto, posto que calquera actuación estará condicionada polas características e as circunstancias puntuais ou específicas de cada grupo concreto. O importante é transmitir a idea de que non é unha hora de recheo, nin un lugar para facer os deberes. Os rapaces e as rapazas saben tamén dende que inician a etapa como imos configurar a titoría dos catro cursos, e tratamos de que sexan conscientes da importancia da súa implicación para levar a cabo o proxecto común. Por este motivo facemos un intenso traballo de concienciación en primeiro de ESO, pois consideramos que é fundamental para o desenvolvemento posterior das titorías.

Cada titor e titora decide se quere un caderno para cada alumno ou non. No presente curso participan no desenvolvemento e posta en práctica dos materiais elaborados o 78,4% do alumnado e o 79% dos titores e titoras. O

aprendizaxe, e que se faga consciente dos seus progresos e limitacións.

- Dotalo de habilidades que lle permitan establecer unhas axeitadas relacións interpersoais, contribuíndo así ao proceso de socialización, potenciando a reflexión moral e a adquisición de habilidades e destrezas que facilitan a adaptación ao medio e a súa intervención sobre el.
- Contribuír á mellora da súa autoestima e confianza e á toma de conciencia do proceso de construcción da súa

identidade persoal.

- Axudalos a construír métodos e estratexias de recollida de información, de análise das características persoais e de elección académica e profesional consciente.

Os contidos estrutúranse en bloques temporizados ao longo do curso tendo en conta a adecuación aos distintos momentos, pero coa flexibilidade suficiente para adaptarse ás necesidades puntuais de cada grupo, e a outras

Experiencia nun grupo de 2º de ESO

Trátase dun grupo de 2º de ESO de 23 alumnos e alumnas, 14 son rapaces e 9 rapazas. 7 son repetidores. Hai un alumno estranxeiro e un con necesidades educativas especiais. Algunxs presentan unha actitude negativa, de desinterese e abandono cara ao estudo e condutas disruptivas frecuentes. A conflitividade, en xeral, é notable.

O gran reto neste grupo foi “enganchar” a todos e todas e minimizar as condutas que interferían negativamente no desenvolvemento das actividades.

A idea fundamental na que se baseou o funcionamento da titoría foi o respecto. Para iso utilizouse como estratexia que as condutas disruptivas ou irrespectuosas fosen comentadas e analizadas polo grupo e polo propio implicado buscando a toma de conciencia do acto, dos motivos que o puideron causar e das consecuencias, e tamén darles protagonismo a aqueles rapaces e rapazas que normalmente levan a cabo este tipo de actuacións apremándooas a participar, a responder, a dar a súa opinión persoal, sendo voceiros de grupo, etc. e, sobre todo, utilizando a loanza e o reforzo positivo.

Dadas as características do grupo outorgámoslle preferencia ao bloque das habilidades sociais e persoais, logo ao da sexualidade –polo que amosan maior interese– e, finalmente, ao do estudo.



seminarios e tamén un compromiso por parte dos tutores e titoras. Podemos decir que si se superaron as expectativas iniciais tocante ao clima de traballo, ao respecto e á participación. Conseguimos crear un espazo para o debate, a reflexión e o consenso.

A maior dificultade radica na organización dos contidos e das tarefas. Axudou a superar este atranco o feito de estar a orientadora nos dous seminarios. Isto permitiu achegar unha ampla visión do que se estaba a facer en conxunto e posibilitou a sucesión de secuencias de contidos ao longo da etapa.

Tamén tivemos que salvar dificultades relacionadas co financiamento dos cadernos. Durante os primeiros anos esgotáronse os recursos económicos do Departamento de Orientación e, incluso, tivemos que pedir axuda económica ao centro. Neste curso optamos por un cofinanciamento entre o Departamento de Orientación e o propio alumnado. Isto tivo

principalmente as que presentan novedades, as curtas e intensas. As actividades de redacción resultan pesadas e fan que aparezcan protestas e diminúa o interese.

Os protagonistas opinan

O alumnado

“Entre todos resolvemos os problemas que tiñamos entre nós e cos rapaces das outras aulas, e ensináronnos a levarnos ben” (alumna de 1º).

“As clases de tutoría deste ano foron mellores cás do ano pasado. Son divertidas pero ás veces cansa facer todo o que trae o libro. O libro tiña que ser unha guía, non seguió ao pé da letra” (alumno de 2º).

“A verdade é que me gustaría máis se me desen información sobre os estudos. Poderíanse facer, tamén, máis actividades para reforzar a autoestima e a

áreas temáticas traballadas, o que permitiu realizar os axustes e actualizacións necesarios para o presente curso.

Para saber máis

- BRAVO SAN JOSÉ, M.ª J., FORTES GÓMEZ, X., IGLESIAS FERNÁNDEZ, A. e MORÁN FRAGA, H. (2001) *A tutoría na ESO*. Vigo, A Nosa Terra-ASPG.
- MENDLER, A. (2004) *Cómo motivar a estudiantes pasivos y desinteresados*. Barcelona, Ed. CEAC.
- PRIETO, A. e GUZMÁN, M. (2003) *Tutoría de valores para secundaria/2*. Madrid, Ed. CCS.
- VARIOS AUTORES (2005) *CONVIVIR/VIVIR-CON. Educando as competencias persoais e sociais na escola*. Santiago de Compostela, Consellería de Educación, Dirección Xeral de Política Lingüística.